

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 31.01.2017      Hora: 10:30

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 31 de xaneiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 2872 (10/POC-000420)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis  
Sobre o peche do Centro de Información á Muller en Ponte Caldelas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 1.2 2950 (10/POC-000451)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a necesidade de aumentar as horas de atención do servizo de pediatría no concello de Viana do Bolo e da incorporación do servizo de matronas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 1.3 3026 (10/POC-000484)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade e a demanda ao Goberno central da recuperación do investimento perdido, así como o cumprimento do réxime de financiamento establecido nela e as medidas previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*
- 1.4 3074 (10/POC-000492)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a planificación, as medidas adoptadas e os recursos mobilizados polo Sergas para evitar a situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos e de atención primaria, así como as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*
- 1.5 3096 (10/POC-000500)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*

1.6

3116 (10/POC-000508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para a ampliación do hospital de Montecelo, en Pontevedra, as súas intencións en relación coa desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra e a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*

1.7

3157 (10/POC-000517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os criterios seguidos e as medidas adoptadas para outorgarlles praza na residencia de Ares ás persoas maiores que quedaron sen praza no centro de día Virxe de Covadonga, na parroquia de Laraxe, no concello de Cabanas, as razóns existentes para non financiar o seu transporte á residencia de Caranza-Ferrol e a situación en que se atopa a planificación do aumento destas prazas públicas na área de Ferrol

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 25/01/2017 16:58:59**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Jesús Vázquez Almuíña	P
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 31.01.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 2872(10/POC-000420)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre o peche do Centro de Información á Muller en Ponte Caldelas

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*

### **Á Mesa do Parlamento**

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo, e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Recentemente tivemos coñecemento do peche, por parte do concello de Ponte Caldelas do Centro de Información a Muller (CIM), prescindindo de dúas traballadoras, unha avogada e unha psicóloga que viñan prestando un servizo esencial para as vítimas da violencia machista.

O goberno municipal de Ponte Caldelas anunciou que este servizo especializado será substituído por un “servizo integral de asesoría legal para todos os veciños” que atenderá a vítimas de violencia de xénero, pero que tamén asesorará sobre todo tipo de cuestións de índole social como desafuzamentos, reclamacións diante de compañías subministradoras ou separacións, entre outras.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego do peche do CIM de Ponte Caldelas?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/01/2017 12:45  
Nº Rexistro: 2872**  
Data envío: 03/01/2017 12:45:25.483

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/01/2017 12:42:43**

**Paula Prado Del Río na data 03/01/2017 12:43:05**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/01/2017 12:43:45**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/01/2017 12:43:49**

**María Ángeles García Míguez na data 03/01/2017 12:44:01**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/01/2017 12:44:11**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 03/01/2017 12:44:27**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/01/2017 12:44:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 2950(10/POC-000451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a necesidade de aumentar as horas de atención do servizo de pediatría no concello de Viana do Bolo e da incorporación do servizo de matronas

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*



### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, e Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de aumentar as horas de atención do servizo de pediatría no concello de Viana do Bolo e da incorporación do servizo de matronas.

A sanidade pública do noso país sofre un progresivo desmantelamento: redución de orzamentos, redución de camas e servizos, repagamento de medicamentos, etc. Todo isto ocasiona graves prexuízos, nomeadamente no rural, onde o desmantelamento dos servizos básicos e a falta de atención das necesidades básicas da poboación contribúen a desincentivar a natalidade e dificultar a fixación da poboación.

Na actualidade, o Centro de Saúde do Concello de Viana do Bolo recibe a visita unha vez á semana dunha persoa especialista en Pediatría para atender á poboación infantil un día á semana malia ter aumentado a natalidade. Nos últimos meses téñense producido diferentes concentracións no municipio por parte dos veciños e veciñas e diferentes asociacións da vila ao terse revelado este servizo como claramente insuficiente. Estas mobilizacións repetíranse todos os martes de inicio de mes ao non ter recibido solucións por parte da administración. Así mesmo, a veciñanza presentou máis de 350 denuncias no Centro de Saúde e dirixiuse á valedora do Pobo.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2017 13:08**  
**Nº Rexistro: 2950**  
Data envío: 04/01/2017 13:08:01.170



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Ten constancia a Xunta das carencias en materia de pediatría que sofre a poboación de Viana? Ten pensado tomar algunha medida?

- No inicio de 2016 houbo en Viana do Bolo máis de 30 mulleres embarazadas ao mesmo tempo. Ten pensado garantir o servizo de matrona na vila para que non teñan que desprazarse a máis de 40 km en automóbil cunha duración de traxecto de aproximadamente 50 minutos?

- Reuniuse o Sergas coa veciñanza de Viana do Bolo para atender as súas demandas?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2017 13:08**  
**Nº Registro: 2950**

Data envío: 04/01/2017 13:08:01.170

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2017 13:01:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2017 13:01:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2017 13:01:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2017 13:01:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2017 13:01:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2017 13:01:42**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 3026(10/POC-000484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade e a demanda ao Goberno central da recuperación do investimento perdido, así como o cumprimento do réxime de financiamento establecido nela e as medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

*A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 10 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valer por si mesmos e a das súas familias e cuidadores.

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

O último informe que analiza a aplicación da Lei de dependencia por autonomía revela que en Galicia tralas valoracións, nas que establece o grao de dependencia dunha persoa e os servizos aos que ten dereito, hai en torno a 65.000 galegos e galegas que teñen dereito a unha prestación, cando as solicitudes ascenden a máis de 80.000. Unha cuarta parte dos que teñen dereito a unha prestación, 18.000 persoas, a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibila. Galicia está segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais, entre as oito comunidades con maior porcentaxe de dependentes á espera dunha axuda.

Nos derradeiros anos incrementáronse os preitos contra a Xunta de Galicia debido ás denegacións ou retrasos na percepción desta prestación asistencial, abocando en moitos casos aos familiares dos dependentes a pagar do seu peto as atencións aos seus que están na casa sen poder valerse por se mesmos, e que carecen de medios económicos para contratar coidadores privados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando se cumpren dez anos da aprobación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa Comunidade Autónoma?
2. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o acceso con carácter universal e equidade?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia reclamar ao Goberno de España recuperar o investimento perdido nestes anos de continuos retallos?
4. Reclamou o Goberno galego ao de España que cumpra co réxime de financiamento que determina a lei?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia deixar sen efecto as reavaliacións feitas de oficio nos últimos anos que retallan e mesmo eliminan as prestacións a moitas das persoas usuarias?
6. Que medidas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego para reducir a lista de espera na que se atopan aquelas persoas que a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida, e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibir a prestación?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2017 11:58**  
**Nº Rexistro: 3026**  
Data envío: 05/01/2017 11:58:00.422



---

 Grupo Parlamentario

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/01/2017 11:52:09**

**Julio Torrado Quintela na data 05/01/2017 11:52:15**



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 3074(10/POC-000492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación, as medidas adoptadas e os recursos mobilizados polo Sergas para evitar a situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos e de atención primaria, así como as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2017 13:35**  
**Nº Rexistro: 3074**  
Data envío: 09/01/2017 13:35:57.799

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ás situacións de colapsos nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios públicos de Galiza.

O Partido Popular ten á sanidade pública galega afogada polos recortes, tena sometida a unha política de acoso e derribo, de dismantelamento. Menos persoal, orzamento insuficiente, peche de camas, menos medios, listas de espera disparadas.

Neste contexto xeral, a situación dos servizos de urxencias convértese en noticia de xeito recorrente polos colapsos que neles se producen. O último episodio leva producíndose desde finais de decembro. Na practica totalidade dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galiza producíronse colapsos. Os centros hospitalarios viviron auténticas situacións de caos: doentes sufrindo esperas de horas inaceptábeis para ser atendid@s, habitáculos, boxes, padiolas, cadeiras totalmente insuficientes, salas de espera con persoas literalmente amoreadas, corredores cheos de doentes en padiolas, en cadeiras ou de pé. Ducias de persoas tiveron que agardar moitas horas para dispoñer dunha cama, ou mesmo ser ingresadas nos boxes de urxencias, saturación das áreas clínicas e de observación. Ingresos en plantas inadecuadas, onde se mesturan patoloxías.

Profesionais desenvolvendo a súa actividade nunhas condicións de sobrecarga, de presión e de estrés inaceptábeis, que aumentan o risco de cometer erros e diminúe a calidade asistencial que se presta.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2017 13:35**  
**Nº Rexistro: 3074**  
Data envío: 09/01/2017 13:35:57.799

Doentes que ven vulnerados os máis elementais dereitos á intimidade e confidencialidade. É indecente e mesmo inhumana a situación a que a Consellaría de Sanidade somete a profesionais e doentes.

Estes repuntes de actividade nos servizos de urxencias son perfectamente previsibles. Existen mecanismos para saber con moita certeza o cando, o como, o canto e a quen da incidencia dos brotes epidemiolóxico habituais por calendario. Os brotes de gripe e enfermidades respiratorias coincidindo coas épocas de frío son previsíbeis, pasan todos os anos e malia isto a Consellaría de Sanidade non fai nada por evitalo.

Diante da gravidade desta situación fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Cal foi a planificación que fixo o Sergas para evitar os colapsos nos servizos de urxencias?
2. Considera o Goberno galego que é aceptábel a situación de colapso que están a vivir os servizos de urxencias da rede pública de Galiza?
3. Coida que se está a respectar a dignidade d@s doentes, o seu dereito á intimidade e á cofidencialidade, cando son atendidos nos corredores ou en espazos comúns?
4. Coida que @s profesionais poden desenvolver a súa labor e prestar unha óptima calidade asistencial na situación de sobrecarga e presión na que traballan?
5. Que medidas preventivas realizou o Goberno galego para afrontar



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/01/2017 13:35  
**Nº Rexistro: 3074**  
Data envío: 09/01/2017 13:35:57.799

o aumento de doentes aos servizos de urxencias dos centros sanitarios diante do repunte da gripe e de patoloxías que se producen todos os anos nesta época?

6. Que recursos se mobilizaron para solventar os colapsos nos servizos de urxencias dos centros públicos de Galiza?

7. Procedeuse ao reforzo de persoal?

8. De ser así, cantos foron os profesionais, e cal foi a súa procedencia? contratad@s, persoal que estaba en situación de libranza ou vacacións, mobilizacións doutros servizos...?

9. Cantas camas, e en que centros hospitalarios, habilitou o Sergas para poder ingresar ás ducias de persoas que precisaban hospitalización?

10. A habilitación de camas pechadas de que recursos e medios se acompañou, en especial as que estaban ubicadas en plantas ou centros totalmente pechados?

11. Van manterse abertas estas camas cando remita o repunte de gripe ou van volver a pecharse?

12. Que actuacións ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para que non se sigan a producir os colapsos nos servizos de urxencias?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2017 13:35**  
**Nº Rexistro: 3074**  
Data envío: 09/01/2017 13:35:57.799

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2017 13:31:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2017 13:31:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2017 13:31:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2017 13:31:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2017 13:31:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2017 13:31:32**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 3096(10/POC-000500)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa ao tratamento dos presos afectados con Hepatite C.

A situación sanitaria que o virus da Hepatite C provoca entre a poboación reclusa, atópase expresamente recollida no “Plan Nacional para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”.

A Liña Estratéxica 1 do Plan aprobado polo Ministerio, identifica como poboación prioritaria en materia de prevención para reducir a incidencia da Hepatite C ás persoas internas en Institucións Penitenciarias.

A pesar do estipulada no Plan, foron moitos os conflitos xurdidos en relación a este tema, xa que tanto por parte do Goberno como da Xunta, foi restrinxida a medicación aos reclusos ao considerar o SERGAS que era competencia do Ministerio de Interior facerse cargo do tratamento, aplicando un criterio económico fronte ao dereito á saúde, como así se fixo constar na sentenza do TSXG de 20 de maio de 2015.

Ante a negativa do SERGAS á dispensación destes tratamentos as persoas reclusas, a alternativa dada por Instituciones Penitenciarias foi a posibilidade de que aquelas ou aqueles internos que tivesen prescritos os tratamentos por parte dos servizos de medicina especializada, tiñan a posibilidade de ser trasladados aos penais de Madrid II e Madrid V para recibir ditos tratamentos, supoñendo esta alternativa un agravamento nas condicións de cumprimento de condena para



as persoas afectadas, ao ser estas afastadas do contorno social, como a posibilidade de disfrutar das visitas durante os períodos de tratamento. Converténdose polo tanto nunha medida disuasoria.

Froito dunha iniciativa presentada por AGE na anterior lexislatura e aprobada por unanimidade neste Parlamento, instouse á Xunta de Galicia a establecer un sistema coordinado entre o SERGAS e a Dirección General de Instituciones Penitenciarias para unha aplicación efectiva e eficaz do disposto no Plan para abordaxe da Hepatite C no ámbito dos centros penitenciarios de Galicia.

Colectivos de afectados denuncian que dende a firma do convenio apenas están recibindo o tratamento ambulatorio media ducia dos cerca de 164 reclusos aos que lles foron recetados.

Por todo o anterior, En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- 1.ª) Cal é o número de persoas reclusas tratadas dende a entrada en vigor do convenio?
- 2.ª) Cales son os protocolos de actuación e coordinación establecidos entre o SERGAS e Instituciones Penitenciarias para o cumprimento do Plan en relación as persoas reclusas?
- 3.ª) Ata que medida compromete o convenio a coordinación entre o SERGAS e Instituciones Penitenciarias?
- 4.ª) Que consecuencias ten o incumprimento do convenio para o SERGAS?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/01/2017 10:50**  
**Nº Rexistro: 3096**  
Data envío: 10/01/2017 10:50:26.316

**Eva Solla Fernández na data 10/01/2017 10:44:28**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 3116(10/POC-000508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para a ampliación do hospital de Montecelo, en Pontevedra, as súas intencións en relación coa desestimación do proxecto de construción dun hospital único en Monte Carrasco para a mellora da atención sanitaria na área de Pontevedra e a dispoñibilidade dun plan director e dun plan funcional para este proxecto, así como os modelos de financiamento e de xestión previstos

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.

A Plataforma para a defensa da sanidade pública (que agrupa a organizacións de cidadáns/cidadás e de pacientes, sindicatos, organizacións profesionais, partidos políticos e concellos) hai anos que vén reivindicando a creación dun hospital único en Pontevedra para unificar todos os recursos nun só edificio e dotar ao complexo dos servizos que lle corresponden en función da súa poboación e dos que carece na actualidade por falta de espazo.

O Goberno de Emilio Pérez Touriño aprobara a ampliación do Hospital de Montecelo aproveitando a existencia de espazo suficiente, accesos adecuados e servizos de auga, enerxía eléctrica e sumidoiros. Mais co cambio de goberno, en febreiro de 2010 a entón conselleira de Sanidade anunciaba un modelo para Pontevedra como o do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. E a opinión da cidadanía de Pontevedra e a súa comarca sobre este novo hospital en Monte Carrasco vai na mesma liña: a manifestación á que acudiron milleiros de persoas en defensa da sanidade pública en contra do proxecto foi a resposta.

De súpeto, pouco antes das últimas eleccións autonómicas, coñecíamos que o PP non desbota agora a posibilidade de retomar a ampliación de Montecelo e a reforma do Hospital Provincial para mellorar a asistencia sanitaria na área de Pontevedra, en lugar de construír o hospital único de Monte Carrasco.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) Considera o Goberno que a partida orzamentaria de 1.080.000 euros no Proxecto de lei de orzamentos de 2017 é suficiente para a ampliación do hospital Montecelo de Pontevedra?

2ª) Ten o Goberno da Xunta de Galicia a intención de desbotar o proxecto de Monte Carrasco en Pontevedra, ou só foi unha estratexia de cara ás eleccións de 2016?

3ª) Ten o Goberno galego un plan director e un plan funcional a efectos deste proxecto?

4ª) Que tipo de financiamento (público ou privado) ten previsto o Goberno para este proxecto?

5ª) Que modelo de xestión (pública ou privada) ten previsto o Goberno para este proxecto?

6ª) Que servizos ten previsto ampliar o Goberno galego con este proxecto?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2017 13:37:23**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/01/2017 13:45**  
**Nº Rexistro: 3116**  
Data envío: 10/01/2017 13:45:21.373



---

**Grupo Parlamentario**

**María Luisa Pierres López na data 10/01/2017 13:37:31**

**Julio Torrado Quintela na data 10/01/2017 13:37:38**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 31.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 3157(10/POC-000517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os criterios seguidos e as medidas adoptadas para outorgarlles praza na residencia de Ares ás persoas maiores que quedaron sen praza no centro de día Virxe de Covadonga, na parroquia de Laraxe, no concello de Cabanas, as razóns existentes para non financiar o seu transporte á residencia de Caranza-Ferrol e a situación en que se atopa a planificación do aumento destas prazas públicas na área de Ferrol

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A comarca de Ferrol sofre as deficiencias do sistema de protección social da terceira idade, ao igual que Galiza: a dotación de prazas é insuficiente e os recortes neste servizo asistencial fixeron que foran minguando co paso dos anos.

O centro de día de maiores Virxe de Covadonga, concertado, con 25 prazas, situado na parroquia de Laraxe, no Concello de Cabanas, recortou as prazas de centro de día, pese a existir demanda no propio concello. A raíz deste cambio, ás persoas afectadas ofrecéuselles transporte para outra residencia, situada en Ares, a 14 km aproximadamente, que non ten prazas dispoñibles. Por outra banda, o outro centro de día existente na comarca, a residencia de Caranza, Ferrol, a aproximadamente 10 km, ofrece vacantes pero non se lles financia ás persoas usuarias de Cabanas o transporte a ese centro.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que medidas e criterios se tomaron para decidir outorgarlles ás persoas usuarias da residencia de Laraxe, Cabanas, praza en Ares, cando non hai vacantes?

2.ª) Por que non se financia o transporte á residencia de Caranza, Ferrol?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2017 12:24  
Nº Rexistro: 3157  
Data envío: 11/01/2017 12:24:46.132



3.ª) Está previsto o aumento de prazas públicas na área de Ferrol debido ao aumento da demanda destes servizos asistenciais?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/01/2017 12:24:03**